

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego				
Materia	Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01601			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Baxter , Robert Neal			
Profesorado	Baxter , Robert Neal			
Correo-e	jstefanlari@yahoo.com			
Web	http://cousasdeneal.webs.com/			
Descrición xeral	A materia constitúe o primeiro contacto do alumnado coa interpretación simultánea e ten por obxectivo impartir un coñecemento e manexo das técnicas básicas necesarias para a interpretación simultánea, apoiándose nos elementos teóricos necesarios para reforzar a práctica das mesmas. Ao nivel práctica, a materia pretende preparar o alumnado para realizar interpretacións simultáneas partindo de exercicios en torno ás técnicas da tradución á vista B-A aplicadas á interpretación simultánea, incluídos exercicios de tradución á vista cronometrados e cloze. A orientación da materia é esencialmente práctica, deseñada para proporcionar un coñecemento das técnicas básicas requiridos para realizar unha interpretación simultánea e para detectar potenciais especialistas na interpretación simultánea.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C12	Posuír unha ampla cultura
C13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C21	Rigor e seriedade no traballo
C22	Destrezas de tradución
C27	Capacidade de razoamento crítico
C30	Coñecemento de idiomas
C33	Dominio oral e escrito da lingua propia

D1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
D4	Resolución de problemas
D9	Razoamento crítico
D12	Traballo en equipo
D16	Adaptación a novas situacións
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Sentar as bases teóricas e metodolóxicas para a aprendizaxe das técnicas da interpretación simultánea: coñecemento das técnicas básicas	A1 A2 A5	C1 C3 C4 C12 C13 C17 C18 C22 C27 C30 C33	D1 D9 D22
Introdución á tradución á vista libre	A3 A4	C1 C3 C4 C12 C13 C17 C18 C21 C22 C30 C33	D1 D4 D9 D22
Introducir as técnicas de busca documental e a elaboración de glosarios aplicados á interpretación	A3	C8	D4 D22
Xestión da tensión (estrés) durante a interpretación	A5	C17 C21 C27	D4 D9 D16
Traballo en equipo: repartición do traballo en cabina e capacidade de colaboración	A5	C17	D12

Contidos

Tema	
1. A interpretación simultánea: características definitorias	1.1. diferenzas coa interpretación consecutiva e de enlace 1.2. @ intérprete como alter ego do/a orador/a: o uso da primeira persoa 1.3. as 3 limitacións da IS segundo Shlesinger
2. O entorno de traballo	2.1. os congresos e reunións internacionais: características, usuari@s 2.2. os organismos internacionais: función e mandato 2.2. a cabina de IS: cabinas puras e mixtas; o uso do relay; o papel do pivote; o traballo en equipo en cabina; o uso de ferramentas informáticas
3. A división da atención	3.1. as canles de comunicación 3.2. limitacións e saturación das canles 3.3. a asignación de recursos atencionais
4. O modelo de esforzos de Gile para a IS	4.1. esforzo de escoita/comprensión 4.2. esforzo de memoria 4.3. esforzo de produción 4.4. esforzo coordinación
5. A anticipación da información: tipos de anticipación	5.1. gramatical 5.2. fraseolóxico-cultural 5.3. psicolóxico-contextual 5.4. discursiva
6. As tácticas e estratexias de traballo en IS	6.1. tácticas de comprensión 6.2. tácticas de reformulación 6.3. tácticas de memorización 6.4. o uso estratéxico del atraso 6.5. la xestión de elementos puntuais: díxitos, nomes propios e organismos

7. Tipoloxía discursiva e función en IS	7.1. persuadir 7.2. informar 7.3. mostrar cortesía 7.4. a comprensión do discurso especializado en IS
8. Estratexias de preparación dun congreso	8.1. documentación e busca terminolóxica 8.2. elaboración de glosarios para a IS 8.3. consultas previas e in situ
9. O código deontolóxico d@ intérprete	9.1 Funcionamento do mercado profesional 9.2 Lealdades: cara ao público; cara ao cliente; cara a si mesm@ (intérprete) 9.2 Ética e deontoloxía
10. A IS como profesión	10.1. os mercados locais: características 10.2. os organismos internacionais: características

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	6	22	28
Traballo tutelado	41	80	121
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Actividade práctica orientada cara á resolución de problemas e dúbidas, sobre todo de tipo técnico.
Traballo tutelado	Trátase do traballo principal que se desenvolve nos laboratorios habilitados para a práctica da interpretación. A metodoloxía utilizada é a descrita no artigo: Baxter, R.N. (2014) A simplified multi-model approach to preparatory training in simultaneous interpreting, Perspectives: Studies in Translatology Volume 22, Issue 3 [349-372] Realizaranse actividades relacionadas coas principais estratexias para a interpretación simultánea, xunto con exercicios prácticos de interpretación simultánea nos diferentes ámbitos (shadowing, cloze, tradución á vista). Para alén dos traballos realizados nas aulas, o/a profesor/a orientará @s estudantes sobre os traballos prácticos de interpretación simultánea que deberán levar a cabo por conta propia. Algúns dos traballos entregues poderán contribuíra para a nota de avaliación continua final.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	No horario de atendendemento publicado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación		Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Resolución de problemas	Resolución de problemas e/ou exercicios ao longo do curso no desenvolvemento dos exercicios de intrepretación simultánea, sobre todo a tradución á vista	10	A1 A5	C1 C3 C4 C8 C13 C17 C18 C21 C22 C27 C30 C33	D1 D4 D12 D16 D22

Práctica de laboratorio	Realización dunha proba de interpretación simultánea entre as linguas B-A. Para cualificar esta proba valorarase os seguintes elementos: 1. Técnica: capacidade de escoita activa e análise; toma de decisión a respecto da información principal necesaria (estratexia minimax, principio de simplificación); estruturación (ordenar os bloques coherentemente e uso de nexos); resolución de problemas 2. Contidos: corrección dos contidos; 3. Expresión oral: rexistro; fluidez; seguridade; compás/ritmo; 4. Corrección lingüística e vocabulario Á marxe da media final, a superación dos apartados 1 ; 2 é condición sine qua non para superar a proba no seu conxunto. Non rematar a proba ou deixar calquera elemento sen acabar implicarán suspender a proba no seu conxunto para alén de calquera outra consideración.	90	A2 A3 A4	C1 C4 C13 C17 C21 C22 C27 C30 C33	D1 D4 D9 D22

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/Os estudantes que desexaren acollerse á modalidade de avaliación continua deben comunicalo ao profesor ou á profesora cunha anterioridade máxima dun mes previa á data do exame final.

Independentemente da eventual nota de avaliación contunua, é imprescindíbel obter unha puntuación mínimo de 5 sobre 10 na proba de interpretación simultánea para aprobar a materia no seu conxunto, ao que se sumará a puntuación acadada nos outros apartados.

A avaliación única levarase a cabo nas mesmas condicións que o exame final ordinario.

Data do exame final: Segundo o publicado no calendario oficial.

A segunda convocatoria levarase a cabo nas mesmas condicións que a primeira. .

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gile, Daniel, **Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training**, John Benjamins,

Bibliografía Complementaria

Alonso Bacigalupe, Luis, **El procesamiento de la información durante la interpretación simultánea: un modelo a tres niveles**, Atrio,

Alonso Bacigalupe, Luis, **O mercado profesional da tradución e a interpretación, in Iserción profesional d@s estudantes de tradución e interpretación [pp. 13-25]**, Atrio,

Alonso Bacigalupe, Luis et alii, **A Interpretación en Galiza : unha profesión emerxente, in Viceversa, Nº 9/10 (2003/2004) [11-30]**, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións,

Jones, Roderick, **Conference interpreting explained**, St. Jerome,

Nolan, James, **Interpretation : techniques and exercises**, Multilingual Matters,

Pöchhacker, Franz & Miriam Shlesinger, **The Interpreting studies reader**, Routledge,

Seleskovitch, Danica, **L'Interprete dans les conférences internationales : problèmes de langage et de communication**, Minard,

VVAA, **Interpreter Training Resources (http://interpreters.free.fr/)**, -,

Baxter, Robert Neal, **A simplified multi-model approach to preparatory training in simultaneous interpreting**, Perspectives 22: 3 [349-372],

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01617

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á teoría da tradución e a interpretación/V01G230V01210
Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés/V01G230V01303
Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01514

Outros comentarios

Lenguas de impartición: gallego e inglés.

Plan de Continxencias

Descrición

Plan de continxencia na modalidade mixta, na que unha parte dos estudantes asistirá ás clases en persoa e outra parte seguirá as clases de forma síncrona (preferiblemente) ou asíncrona: os docentes manterán as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación indicados para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir cos requisitos, segundo as regulacións sanitarias establecidas no momento.

Plan de continxencia na modalidade presencial: mantéñense as metodoloxías, contidos, avaliación e titorías, que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Uvigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e MooVi).